



Á Mesa da Comisión 1.ª,
Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da deputada **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a defensa da política de cohesión e dos sectores estratéxicos de Galicia ante a proposta da Comisión Europea para o futuro Marco financeiro plurianual e a exixencia dunha posición clara e pública do Goberno de España (12/PNC-003591, doc. núm. 44384)

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:


“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rexeitar publicamente calquera proposta do Marco Financeiro Plurianual da Unión Europea que implique recortes ou a perda do carácter común das políticas de cohesión, agricultura e pesca, defendendo unha dotación orzamentaria suficiente e estable.
2. Defender nas institucións da Unión Europea un modelo de xestión multinivel e territorializado dos fondos europeos, que recoñeza o papel das rexións na planificación, xestión e execución das políticas de cohesión, agricultura e pesca.

Asinado o día 20/01/2026 ás
16:34
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 20/01/2026 ás
16:33
Por Patricia Iglesias Rey





3. Defender de xeito prioritario os intereses do sector primario galego e do equilibrio territorial de Galicia, esixindo un financiamento acorde coas necesidades económicas, sociais e produtivas do territorio galego.
4. Fortalecer as canles de participación e interlocución coas organizacións representativas dos sectores agrario e pesqueiro, garantindo que as súas achegas sexan incorporadas de maneira efectiva nas estratexias e no posicionamento da Xunta de Galicia.”

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/01/2026 16:33:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/01/2026 16:34:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:35:16
Nº Rexistro: 46852
Data envío: 20/01/2026 16:35:16.449



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 16:35:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 16:35:16
Nº Rexistro: 46852
Data envío: 20/01/2026 16:35:16.449

CSV: REXPG-goKGDguAh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa da deputada **Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **43866 (12/PNC-003581)** sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que a xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos tribunais de instancia dos partidos xudiciais de Ourense e Santiago de Compostela se circunscriba aos respectivos partidos xudiciais.

Emenda de Substitución

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central co obxecto de realizar as xestións necesarias para que, modificando o disposto no R.D. 422/2025, a xurisdición das Seccións de Violencia sobre a Muller do Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela se circunscriban aos respectivos partidos xudiciais. E, en todo caso, e con independencia da modificación ou non do Real Decreto 422/2025, que se posibilite que sexa a vítima quen decida onde declarar, no tribunal de instancia da súa poboación ou na cabeceira comarcalizada.

Santiago de Compostela, 20 xaneiro de 2026

Asinado o día 20/01/2026 ás
17:39
Por Alberto Pazos Couñago



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/01/2026 17:39:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 17:39:58
Nº Rexistro: 46901
Data envío: 20/01/2026 17:39:58,718

CSV: REXPG-xZss2Odyg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 17:39:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 17:39:58
Nº Rexistro: 46901
Data envío: 20/01/2026 17:39:58,718

CSV: REXPG-xZss2Odyg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Óscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia con número de rexistro **44384 (12/PNC-003591)**, sobre a defensa da política de cohesión e dos sectores estratéxicos de Galicia ante a proposta da Comisión Europea para o futuro Marco financeiro plurianual e a existencia dunha posición clara e pública do Goberno de España, que figura na orde do día da Comisión 1ª convocada para o vindeiro 21 de xaneiro de 2026.

Emenda de substitución:

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a impulsar as modificacións normativas e a realizar as xestións pertinentes e necesarias para que Galiza teña capacidade propia para negociar directamente na Unión Europea o futuro marco financeiro Plurianual 2028-2034 e para xestionar os nosos propios fondos.”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

Asdo.: **Óscar Insua Lema**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado o día 20/01/2026 ás
17:59
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 20/01/2026 ás
17:59
Por Óscar Insua Lema



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 20/01/2026 17:59:32

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2026 17:59:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:00:01
Nº Rexistro: 46930
Data envío: 20/01/2026 18:00:01.996



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 18:00:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:00:01
Nº Rexistro: 46930
Data envío: 20/01/2026 18:00:01.996

CSV: REXPG-quuAqVE80-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

